

IES Xesús Ferro Couselo – Dpto. Física e Química - Curso 2022/2023

Física e Química 2º ESO

Distribución e temporalización dos contidos (Esta distribución poderá variar ao longo do curso).

1ª avaliación

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
1	A materia e a súa medida. Sistema Internacional de unidades	Tema 1
2	A materia: estados de la materia	Tema 2
3	Mesturas e substancias puras	Tema 3

2ª avaliación

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
4	Elementos e compostos químicos.	Tema 4
5	Estrutura da materia	Tema 5
6	Transformación da materia: reaccións químicas	Tema 6
7	Forzas	Tema 7

3ª avaliación

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
8	O movemento	Tema 8
9	Enerxía	Temas 10 e 12
10	Calor e temperatura.	Tema 11

Materiais curriculares

- **Libro de texto:** *Física y Química. 2º ESO. Ed. Vicens Vives.*
- O **material de reforzo e/ou ampliación** complementario ao libro de texto estará dispoñible para a súa descarga e impresión na **aula virtual** da asignatura.
- **Libreta** cuadrículada e **calculadora** científica.

Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación

- En cada avaliación empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:
 - Dous ou tres **exames (E)** que farán media entre si a partir dun nota de 3. A nota dos exames suporá un **máximo de 8 puntos** na nota de cada avaliación. Na corrección dos exames terase en conta tanto a presentación e limpeza, como a expresión escrita e o emprego axeitado de ferramentas matemáticas. Todas as probas incluírán os criterios de corrección que se empregarán.
 - Seguemento do **traballo no laboratorio (L)** que suporá un **máximo de 1 punto**. O traballo no laboratorio avaliarase con un ou con varios dos seguintes instrumentos segundo o criterio da profesora.
 - Rúbrica de observación
 - Proba escrita, que poderá ser realizada o mesmo día cós exames.
 - Traballo/proxecto/memoria de prácticas para entregar.
 - Seguemento do **traballo diario (T)** que suporá un **máximo de 1 punto** na nota de cada avaliación. O traballo diario avaliarase con un ou varios dos seguintes instrumentos segundo o criterio da profesora:
 - Resolución de actividades na clase que se entregarán para corrixir.
 - Envíos/ resolución de actividades a través da aula virtual.
 - Revisión do caderno de traballo que se avaliará cunha rúbrica de observación ou cunha proba escrita.
- A **nota de cada avaliación** calcularase da seguinte maneira: $N = E + T + L$. Considerarase que a **avaliación** está **aprobada se a nota é maior ou igual que 5**.
- Ao remate da primeira e da segunda avaliación realizaranse **exames de recuperación (R)** para aqueles alumnos/as que teñan a materia suspensa correspondente a esa avaliación. Os exames de recuperación puntuarán un máximo de 9 puntos e incluírán algunha tarefa relacionada coas prácticas de laboratorio. O punto restante corresponderá á nota obtida do traballo diario (T).

A nota de cada avaliación despois da recuperación calcularase: $N_{rec} = R + T$

- A **nota de xuño ($N_{\text{XUÑO}}$)** calcularase facendo media coas notas obtidas en cada avaliación, ou se é o caso, coa nota obtida despois de realizadas as correspondentes recuperacións. **Considerarase superado o curso se a nota media das tres avaliacións é maior ou igual que cinco.**

$$N_{\text{XUÑO}} = (N_1 + N_2 + N_3) / 3$$

- **Unha vez superado o curso**, á nota de xuño poderáselle ata un **máximo de 0,5 puntos** pola elaboración dun traballo ou realización dunha proba escrita sobre un **libro de lectura de divulgación científica opcional** proposto pola profesora. Este traballo ou proba realizarase na primeira ou na segunda avaliación.

$$N_{\text{FINAL}} = N_{\text{XUÑO}} + \text{máx } 0,5$$

Esta nota final é a que figurará na terceira avaliación do boletín de cualificacións.

- **Alumnado con $N_{\text{XUÑO}} < 5$**

- o O alumnado que se atope nesta situación realizará, entre o remate da 3ª avaliación e a fin de curso, **probas finais de recuperación (P_{FINAL})** das avaliacións que teña suspensas. As probas finais de recuperación incluírán algunha tarefa relacionada coas prácticas de laboratorio. Para preparar estas probas, a profesora entregará con suficiente antelación cadernos individualizados con exercicios de reforzo e orientacións para superar a materia e resolverá todas as dúbidas que se presenten.
- o Unha vez realizadas as actividades de reforzo e as probas finais de recuperación, a **nota definitiva de xuño ($N_{\text{DEF, XUÑO}}$)** calcularase facendo media coas notas obtidas en cada avaliación **Considerarase a materia superada se $N_{\text{DEF, XUÑO}}$ é maior ou igual que 5.**
- o Para o alumnado con $N_{\text{DEF, XUÑO}} > 5$ sumaráselle un máximo de 0,5 polo traballo/proba do libro de lectura que se realizou voluntariamente durante a primeira ou segunda avaliación de tal maneira que a nota que final será:

$$N_{\text{FINAL}} = N_{\text{DEF, XUÑO}} + \text{libro máx } 0,5$$

Esta nota final é a que figurará na avaliación ordinaria do boletín de cualificacións.

- **Alumnado con $N_{\text{XUÑO}} > 5$**

- o Ao alumnado que se atope nesta situación realizará actividades de ampliación que poden incluír prácticas de laboratorio, comentarios de textos de divulgación científica, exercicios de ampliación dos contidos tratados durante o curso ou, se é o caso, actividades relacionadas coas unidades didácticas que queden sen tratar. Estas actividades non repercutirán na nota final da materia.
- o Este alumnado terá na avaliación ordinaria do boletín de cualificacións a mesma nota que a obtida na terceira avaliación.

IES Xesús Ferro Couselo – Dpto. Física e Química - Curso 2022/2023

Física e Química 3º ESO

Distribución e temporalización dos contidos (Esta distribución de contidos poderá variar ao longo do curso).

Secuencia didáctica 1: “Unha aproximación ó traballo científico e aos sistemas materiais”

1ª avaliación

Contidos	Libro de texto
Tema 1: A medida. Magnitudes e unidades	Tema 1
Tema 2. A materia (repasso 2º ESO). Estados da materia. Comportamento dos gases. Mesturas e substancias puras. Disolucións.	Temas 2 e 3

Secuencia didáctica 2: “Afondando na estrutura da materia”

2ª avaliación

Contidos	Libro de texto
Tema 3: Átomos e elementos químicos	Tema 4 e parte do tema 5
Tema 4: Compostos. Enlace químico. Formulación e nomenclatura.	Tema 5

Secuencia didáctica 3: “A transformación da materia. A enerxía”

3ª avaliación

Contidos	Libro de texto
Tema 5: Cálculos químicos. Masa atómica e molecular. Mol. Masa molar.	Parte do tema 7
Tema 6: Reaccións químicas. Axuste. Estequiometría.	Selección de contidos dos temas 6 e 7.
<i>Tema 7: Electricidade</i>	<i>Selección de contidos dos temas 9, 10 e 11.</i>
<i>Tema 8: Enerxía</i>	<i>Tema 12</i>

Materiais curriculares

- Libro de texto: *Física y Química. 3º ESO. Ed. Vicens Vives.*
- Cadernos de traballo de cada avaliación elaborados pola profesora que estarán dispoñibles para fotocopiar na conserxería do instituto e na aula virtual da materia.
- Material complementario (exercicios de reforzo e/ou ampliación, enlaces de interese, vídeos, laboratorios virtuais) dispoñibles para a súa descarga/constulta na aula virtual da materia.

Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación

- **En cada avaliación** empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:
 - Unha **proba de seguemento (P)** que suporá o 25% da nota da avaliación.
 - Un **exame (E)** cos contidos tratados en todo o trimestre e que terá unha incidencia do 65%.
 - O **seguemento traballo diario (T)** suporá un máximo de **1 punto** e avaliarase con un ou varios dos seguintes instrumentos segundo o criterio da profesora:
 - Resolución de actividades na clase que se entregarán para corrixir.
 - Envíos/ resolución de actividades a través da aula virtual.
 - Revisión do caderno de traballo que se avaliará cunha rúbrica de observación ou cunha proba escrita.
 - A **nota de cada avaliación** calcularase da seguinte maneira: $N = 0,25 \times P + 0,65 \times E + T$
 - Na corrección das probas de seguemento e exames terase en conta tanto a presentación e limpeza, como a expresión escrita e o emprego axeitado de ferramentas matemáticas. Todas as probas incluírán os criterios de corrección que se empregarán.
 - Considerarase que a **avaliación** está **aprobada** se a nota **N** é maior ou igual que **5**.
- **Ao remate da primeira e da segunda avaliación** realizaranse **exames de recuperación (R)** para aqueles alumnos/as que teñan a materia suspensa correspondente a esa avaliación. Os exames de

recuperación suporán un máximo 9 de puntos. O punto restante corresponderá á nota obtida do traballo diario (T).

○ A nota de cada avaliación **despois da recuperación** calcularase: $N_{rec} = R + T$

- A **nota de xuño ($N_{XUÑO}$)** calcularase facendo media coas notas obtidas en cada avaliación, ou se é o caso, coa nota obtida despois de realizadas as correspondentes recuperacións. **Considerarase superado o curso se a nota media das tres avaliacións é maior ou igual que cinco.**

$$N_{XUÑO} = (N_1 + N_2 + N_3) / 3$$

- **Unha vez superado o curso**, á nota de xuño poderá sumárselle ata un **máximo de 0,5 puntos** pola elaboración dun traballo ou pola realización dunha proba escrita sobre un **libro de lectura de divulgación científica opcional** proposto pola profesora. Este traballo ou proba realizarase na 1ª ou na 2ª avaliación.

$$N_{FINAL} = N_{XUÑO} + \text{máx } 0,5$$

Esta nota final é a que figurará na terceira avaliación do boletín de cualificacións.

- **Alumnado con $N_{XUÑO} < 5$**

○ O alumnado que se atope nesta situación realizará, entre o remate da 3ª avaliación e a fin de curso, **probas finais de recuperación (P_{FINAL})** das avaliacións que teña suspensas.

Para preparar estas probas, a profesora entregará con suficiente antelación cadernos individualizados con exercicios de reforzo e orientacións para superar a materia e resolverá todas as dúbidas que se presenten.

○ Unha vez realizadas as actividades de reforzo e as probas finais de recuperación, a **nota definitiva de xuño ($N_{DEF, XUÑO}$)** calcularase facendo media coas notas obtidas en cada avaliación

Considerarase a materia superada se $N_{DEF, XUÑO}$ é maior ou igual que 5.

○ Para o alumnado con $N_{DEF, XUÑO} > 5$ sumaráselle un máximo de 0,5 polo traballo/proba do libro de lectura que se realizou voluntariamente durante a primeira ou segunda avaliación de tal maneira que a nota que final será:

$$N_{FINAL} = N_{DEF, XUÑO} + \text{libro máx } 0,5$$

Esta nota final é a que figurará na avaliación ordinaria do boletín de cualificacións.

- **Alumnado con $N_{XUÑO} > 5$**

○ O alumnado que se atope nesta situación realizará actividades de ampliación que poden incluír prácticas de laboratorio, comentarios de textos de divulgación científica, exercicios de ampliación dos contidos tratados durante o curso ou, se é o caso, actividades relacionadas coas unidades didácticas que queden sen tratar. Estas actividades non repercutirán na nota final da materia.

○ Este alumnado terá na avaliación ordinaria do boletín de cualificacións a mesma nota que a obtida na terceira avaliación.

IES Xesús Ferro Couselo – Dpto. Física e Química - Curso 2022/2023

Física e Química 4º ESO

Distribución e temporalización dos contidos (Esta distribución de contidos poderá variar ao longo do curso.)

1ª avaliación

Unidade didáctica	Libro de texto
• Unidade 1: A medida: magnitudes e unidades	Tema 1
• Unidade 2: Estrutura da materia (o átomo, o sistema periódico, enlace químico). Repaso-ampliación de 3º de ESO	Temas 2 e 3
• Unidade 3: A linguaxe da química (qca inorgánica e introdución á qca do carbono)	Temas 4 e 6

2ª avaliación

Unidade didáctica	Libro de texto
• Unidade 4: Cálculos químicos e reaccións químicas	Tema 4 e 5
• Unidade 5: O movemento.	Tema 7

3ª avaliación

Unidade didáctica	Libro de texto
• Unidade 6: As forzas.	Temas 8 e 9.
• Unidade 7: Gravitación	Tema 10
• Unidade 8: Fluidos	Tema 11
• Unidade 9: Enerxía	Tema 12

Materiais curriculares

- Libro de texto: *Física y Química. 4º ESO. Ed. Vicens Vives.*
- Apuntes de cada unidade didáctica elaborados pola profesora dispoñibles para descargar e imprimir no curso virtual da da materia, dentro da aula virtual do centro.
- Material complementario (exercicios de reforzo e/ou ampliación, enlaces de interese, vídeos, laboratorios virtuais) dispoñibles para a súa descarga/constulta na aula virtual da materia.

Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.

- **En cada avaliación** empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:
 - Unha **proba de seguemento (P)** que suporá o 25% da nota da avaliación.
 - Un **exame (E)** cos contidos tratados en todo o trimestre e que terá unha incidencia do 65%.
 - O **seguemento traballo diario (T)** suporá un máximo de **1 punto** e avaliarase con un o varios dos seguintes instrumentos segundo o criterio da profesora:
 - Resolución de actividades na clase que se entregarán para corrixir.
 - Envíos/ resolución de actividades a través da aula virtual.
 - Revisión do caderno de traballo que se avaliará cunha rúbrica de observación ou cunha proba escrita.
 - A **nota de cada avaliación** calcularase da seguinte maneira: $N = 0,25 \times P + 0,65 \times E + T$
 - Na corrección das probas de seguemento e exames terase en conta tanto a presentación e limpeza, como a expresión escrita e o emprego axeitado de ferramentas matemáticas. Todas as probas incluírán os criterios de corrección que se empregarán.
 - Considerarase que a **avaliación** está **aprobada** se a nota **N** é maior ou igual que **5**.
- **Ao remate da primeira e da segunda avaliación** realizaranse **exames de recuperación (R)** para aqueles alumnos/as que teñan a materia suspensa correspondente a esa avaliación. Os exames de recuperación suporán un máximo 9 de puntos. O punto restante corresponderá á nota obtida do traballo diario (T).
 - **A nota** de cada avaliación **despois da recuperación** calcularase: $N_{rec} = R + T$

- A **nota de xuño ($N_{XUÑO}$)** calcularase facendo media coas notas obtidas en cada avaliación, ou se é o caso, coa nota obtida despois de realizadas as correspondentes recuperacións. **Considerarase superado o curso se a nota media das tres avaliacións é maior ou igual que cinco.**

$$N_{XUÑO} = (N_1 + N_2 + N_3) / 3$$

- **Unha vez superado o curso**, á nota de xuño poderáselle ata un **máximo de 0,5 puntos** pola elaboración dun traballo ou realización dunha proba escrita sobre un **libro de lectura de divulgación científica opcional** proposto pola profesora. Este traballo ou proba realizarase na 1ª ou na 2ª avaliación.

$$N_{FINAL} = N_{XUÑO} + \text{máx } 0,5$$

Esta nota final é a que figurará na terceira avaliación do boletín de cualificacións.

- **Alumnado con $N_{XUÑO} < 5$**

- O alumnado que se atope nesta situación realizará, entre o remate da 3ª avaliación e a fin de curso, **probas finais de recuperación (P_{FINAL})** das avaliacións que teña suspensas. Para preparar estas probas, a profesora entregará con suficiente antelación cadernos individualizados con exercicios de reforzo e orientacións para superar a materia e resolverá todas as dúbidas que se presenten.
- Unha vez realizadas as actividades de reforzo e as probas finais de recuperación, a **nota definitiva de xuño ($N_{DEF, XUÑO}$)** calcularase facendo media coas notas obtidas en cada avaliación

Considerarase a materia superada se $N_{DEF, XUÑO}$ é maior ou igual que 5.

- Para o alumnado con $N_{DEF, XUÑO} > 5$ sumaráselle un máximo de 0,5 polo traballo/proba do libro de lectura que se realizou voluntariamente durante a primeira ou segunda avaliación de tal maneira que a nota que final será:

$$N_{FINAL} = N_{DEF, XUÑO} + \text{libro máx } 0,5$$

Esta nota final é a que figurará na avaliación ordinaria do boletín de cualificacións.

- **Alumnado con $N_{XUÑO} > 5$**

- Ao alumnado que se atope nesta situación realizará actividades de ampliación que poden incluír prácticas de laboratorio, comentarios de textos de divulgación científica, exercicios de ampliación dos contidos tratados durante o curso ou, se é o caso, actividades relacionadas coas unidades didácticas que queden sen tratar. Estas actividades non repercutirán na nota final da materia.
- Este alumnado terá na avaliación ordinaria do boletín de cualificacións a mesma nota que a obtida na terceira avaliación.

IES Xesús Ferro Couselo – Dpto. Física e Química - Curso 2022/2023

Física 2º bacharelato

Distribución dos contidos

- Ferramentas matemáticas básicas: cálculo vectorial, cálculo diferencial e cálculo integral.
- Bloque I.- Interacción gravitatoria
 - Tema 1.- Cinemática, dinámica e enerxía (repaso 1º bach).
 - Tema 2.- Campo gravitatorio.
 - Tema 3.- Gravitación no universo.
- Bloque II.- Interacción electromagnética
 - Tema 4.- Campo eléctrico.
 - Tema 5.- Campo magnético .
 - Tema 6.- Inducción electromagnética .
- Bloque III.- Ondas
 - Tema 7.- Movemento harmónico simple (repaso de 1º de bach).
 - Tema 8.- Movemento ondulatorio.
 - Tema 9.- Fenómenos ondulatorios.
 - Tema 10.- A luz
- Bloque IV.- Óptica.
 - Tema 11.- Óptica xeométrica .
- Bloque V.- Física moderna
 - Tema 12.- Física relativista.
 - Tema 13.- Física cuántica .
 - Tema 14.- Física nuclear e de partículas.

Temporalización (poderá variar ao longo do curso)

- 1ª avaliación (ata o 25 de novembro): Introducción e temas 1, 2 e 3 (20% da nota)
- 2ª avaliación (ata o 16 de febreiro): Temas 4, 5, 6, 7 e 8 (40% da nota)
- 3ª avaliación (ata a 18 de maio): Temas 9, 10, 11, 12, 13 e 14 (40% da nota)

Materiais curriculares

- Apuntes de cada tema elaborados pola profesora e dispoñibles para a súa descarga e impresión na aula virtual da materia, dentro da aula virtual do centro.
- Material complementario (exercicios de reforzo e/ou ampliación, exercicios resoltos, enlaces de interese, vídeos, laboratorios virtuais, etc) dispoñibles para a súa descarga/consulta na aula virtual da materia.

Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación

- En cada avaliación empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:
 - Unha **proba de seguemento (P)** que suporá o **25%** da nota da avaliación.
 - Un **exame (E)** cos contidos tratados en todo o trimestre e que terá unha incidencia do **65%**.
 - O **seguemento traballo diario (T)** suporá un máximo de **1 punto** e avaliarase con un o varios dos seguintes instrumentos segundo o criterio da profesora:
 - Resolución de exercicios na clase que se entregarán para corrixir.
 - Envíos/ resolución de actividades a través da aula virtual.
 - A nota de cada avaliación calcularase da seguinte maneira:
$$N = 0,25 \times P + 0,65 \times E + T$$
 - Considerarase que a avaliación está aprobada se a nota anterior é maior ou igual que 5.

- **Ao remate da primeira e da segunda avaliación** realizaranse sendos exames de recuperación para aqueles alumnos/as que teñan a materia suspensa correspondente a esa avaliación.
- **A final de curso** realizarase a recuperación da materia correspondente á terceira avaliación. O mesmo día en que se realice esta proba haberá unha segunda recuperación da materia do primeiro e segundo trimestres.
- Os exames de recuperación de cada avaliación puntuarán 90%. O 10% restante virá dado pola nota obtida no traballo diario de cada avaliación.
- Na corrección das probas de seguemento e exames terase en conta tanto a presentación e limpeza, como a expresión escrita e o emprego axeitado de ferramentas matemáticas. Todas as probas incluírán os criterios de corrección que se empregarán.
- A **nota final na convocatoria ordinaria de xuño** calcularase tendo en conta as notas de cada avaliación, ou se é o caso a das correspondentes recuperacións, da seguinte maneira:

$$\text{Nota Xuño Ord} = N_1 \times 0,2 + N_2 \times 0,4 + N_3 \times 0,4$$

- Considerarase **superado o curso se a nota anterior é maior ou igual que cinco.**
- Os alumnos/as que na convocatoria ordinaria de xuño teñan unha nota inferior a cinco, deberán presentarse á **convocatoria extraordinaria de xuño**, na que se terá en conta **unicamente a nota obtida no exame**. A **nota mínima** para aprobar na **convocatoria extraordinaria** será de **5**.

IES Xesús Ferro Couselo – Dpto. Física e Química - Curso 2022/2023 Química 2º bacharelato

Distribución dos contidos Temporalización

Primeiro Trimestre: Bloques 1,2,3

Septembro Unidade 1. Teoría atómica y tabla periódica

Outubro Unidade 2. Enlace químico

Novembro Unidade 3. Fundamentos do cálculo químico

Decembro Unidade 4. Cinética química

Segundo trimestre: Bloque 3

Xaneiro Unidade 5. Equilibrio químico

Febreiro Unidade 6. Ácido-base

Marzo Unidade 7. Solubilidade

Terceiro trimestre: Bloque 4

Abril Unidade 8. Reaccións de transferencia de electróns

Maio Unidade 9. Reaccións orgánicas

*Esta distribución de contidos poderá variar ao longo do curso.

Material

- Os apuntes e exercicios así coma o material audiovisual empregado en clase (videos, animacións,...) estarán dispoñibles na plataforma virtual Moodle, dentro da páxina web do centro.
- O alumnado imprimirá con suficiente antelación o material co que se traballará nas clases.
- Diariamente necesitaranse folios brancos, fundas de plástico para ordenar apuntes e exercicios, calculadora científica e material básico de debuxo.

Normas

- Para a realización dos exames presenciais empregarase bolígrafo negro ou azul. Pódese empregar tipex pero con moderación.
- As fundas de plástico empregaranse para archivar, ordenadamente por temas, os apuntes e exercicios dispoñibles no curso virtual..
- É necesario que cada alumno traia á clase e aos exames o seu propio material.

Sistema de avaliación

- Na **primeira avaliación** realizarase unha proba parcial (P_1) que suporá o 25% da nota da avaliación así como un exame cos contidos tratados en todo o trimestre (E_1) que suporá o 65% da nota. O restante 10% corresponderá á nota do traballo diario (T_1). Esta nota avaliarase cunha rúbrica de observación, revisando o caderno de traballo e con exercicios

feitos na clase. A nota numérica, cun máximo de dous decimais, desta avaliación (N_1) calcularase mediante a fórmula:

$$N_1 = 0,25 \times P_1 + 0,65 \times E_1 + 0,10 \times T_1$$

Considerarase superada a materia correspondente a esta primeira avaliación se N_1 é maior ou igual que cinco.

Ao inicio da segunda avaliación realizarase un exame de recuperación (R_1) da materia correspondente ao primeiro trimestre dirixida a aqueles alumnos que obtiveran unha cualificación no boletín de notas inferior a 5. Este exame ponderará cun 95% (non se terá en conta a nota da proba P_1) e o 5% restante corresponderá á nota do traballo diario.

- Na **segunda avaliación** realizarase unha proba parcial (P_2) que suporá o 30% da nota da avaliación así como un exame cos contidos tratados en todo o trimestre (E_2) que suporá o 65% da nota. O restante 5% corresponderá á nota do traballo diario (T_2). Esta nota avaliarase cunha rúbrica de observación, revisando o caderno de traballo e con exercicios feitos na clase. A nota numérica, cun máximo de dous decimais, desta avaliación (N_2) calcularase mediante a fórmula:

$$N_2 = 0,25 \times P_2 + 0,65 \times E_2 + 0,10 \times T_2$$

Considerarase superada a materia correspondente a esta segunda avaliación se N_2 é maior ou igual que cinco.

Ao inicio da terceira avaliación realizarase un exame de recuperación (R_2) da materia correspondente ao segundo trimestre dirixida a aqueles alumnos que obtiveran unha cualificación no boletín de notas inferior a 5. Este exame ponderará cun 95% (non se terá en conta a nota da proba P_2) e o 5% restante corresponderá á nota do traballo diario.

- Na **terceira avaliación** realizarase unha proba parcial (P_3) que suporá o 30% da nota da avaliación así como un exame cos contidos tratados en todo o trimestre (E_3) que suporá o 65% da nota. O restante 5% corresponderá á nota do traballo diario (T_3). Esta nota avaliarase cunha rúbrica de observación, revisando o caderno de traballo e con exercicios feitos na clase. A nota numérica, cun máximo de dous decimais, desta avaliación (N_3) calcularase mediante a fórmula:

$$N_3 = 0,25 \times P_3 + 0,65 \times E_3 + 0,10 \times T_3$$

Considerarase superada a materia correspondente a esta terceira avaliación se N_3 é maior ou igual que cinco.

- A final de curso realizarase a recuperación da materia correspondente á terceira avaliación (R_3), dirixida ao alumnado que obtivese unha cualificación N_3 inferior a 5. Este exame ponderará cun 90% e o 10% restante corresponderá á nota do traballo diario.

O mesmo día e á mesma hora en que se realice esta proba, haberá unha segunda recuperación da materia do primeiro e segundo trimestre R'_1 e R'_2 para aqueles alumnos que obtiveran unha cualificación inferior a 5 en cada unha das avaliacións unha vez realizados os exames de recuperación R_1 e/ou R_2 .

A nota definitiva da primeira avaliación cun máximo de dous decimais (D_1) N_1 ou ($R_1 \times 0,90 + T_1 \times 0,1$) ou ($R'_1 \times 0,9 + T_1 \times 0,1$)

A nota definitiva da segunda avaliación cun máximo de dous decimais (D_2) será N_2 ou ($R_2 \times 0,90 + T_2 \times 0,1$) ou ($R'_2 \times 0,90 + T_2 \times 0,1$)

A nota definitiva da terceira avaliación cun máximo de dous decimais (D_3) será N_3 ou $(R_3 \times 0,90 + T_3 \times 0,1)$. Non se realizará unha segunda recuperación da materia do terceiro trimestre.

- A **media final de maio**, cun máximo de dous decimais, calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$NFM = (0,2 \times D_1 + 0,4 \times D_2 + 0,4 \times D_3) / 3$$

Considerarase a materia superada en xuño se NX é maior ou igual que 5.

Os alumnos/as que na convocatoria ordinaria de xuño teñan unha nota inferior a cinco, deberán presentarse á **convocatoria extraordinaria**, de todos os contidos do curso, na que se terá en conta unicamente a nota obtida no exame.

Na **convocatoria extraordinaria** o exame constará de cinco preguntas de dous puntos cada unha nas que estará indicada a puntuación de cada apartado. Unha pregunta será relativa ás prácticas de laboratorio obrigatorias realizadas durante o curso. Haberá dous problemas numéricos sobre equilibrio químico e outras dúas cuestións teóricas de razoamento e/ou química orgánica. Todos os exercicios do exame serán escollidos dos boletíns realizados e corrixidos durante o curso. Nos exercicios numéricos descontarase o 20% da puntuación do apartado por non poñer unidades, ou utilizar unidades incorrectas. Os alumnos serán informados sobre o exame da mesma forma que o foron durante todo o curso.

O exame estará aprobado cunha nota igual ou superior a cinco.

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO

TEMPORALIZACIÓN

Primeira avaliación:

UNIDADE 1. Ciencia e coñecemento científico

UNIDADE 2. A medida.

UNIDADE 3. O laboratorio

Segunda Avaliación:

UNIDADE 4. técnicas experimentais no laboratorio

UNIDADE 5. A ciencia na actividade profesional.

UNIDADE 6. A contaminación e o medio ambiente.

Terceira Avaliación:

UNIDADE 7. A xestión dos residuos e o desenvolvemento sustentable.

UNIDADE 8. I+D+i: investigación, desenvolvemento e innovación

Avaliación

Ao longo de cada unidade didáctica, propóranse unha serie de tarefas e actividades ao alumnado, que deberán ser entregadas á profesora na data sinalada. Ademais, cando foran realizadas experiencias no laboratorio, entregarase un informe da práctica segundo as directrices indicadas.

A valoración dos traballos realizados será o 30% da calificación onde se terá en conta se foron entregados na data sinalada, a presentación e a expresión escrita, a creatividade e orixinalidade e o uso de distintas fontes de información.

A observación sistemática do profesor na aula e no laboratorio ponderará o 10 % e valorará o esforzo, actitude e interese, a constancia no traballo diario, a participación activa na clase, a entrega das actividades diarias na data sinalada, a participación no traballo do laboratorio e cumprimento das normas.

A proba escrita será o 60% da calificación e consistirá en preguntas cortas de distinta índole (definicións, actividades de recheo, test, etc).

A recuperación de contidos non superados levarase a cabo mediante unha proba escrita despois de cada avaliación.

Nota: Os alumnos que non superen cada unha das avaliacións ,terán unha recupera-ción despois da avaliación correspondente

NOTA FINAL:

A nota final será a media das tres avaliacións(ou as correspondentes recupera-cións).Os alumnos que non acaden o cinco terán un exame final global de toda a materia.

Unha vez superada a materia en xuño sumarase ata un máximo de 0,5 na media numérica final de xuño pola realización dun pequeno traballo e/ou proba oral sobre algún dos libros de divulgación científica dos que dispoñemos na biblioteca do instituto. Este traballo non se terá en conta na avaliación extraordinaria de xuño.

Os alumnos/as que na convocatoria ordinaria de xuño teñan unha nota inferior a cinco, deberán presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño, na que se terá en conta unicamente a nota obtida no exame. A nota mínima para aprobar na convocatoria extraordinaria será de 5.

